



Departamento de Biología e Xeoloxía

Información básica sobre a programación didáctica

Biología e Xeoloxía - 1º ESO

Curso 20/21

1.- Introducción

A programación deste curso ven determinada pola situación actual de pandemia da COVID 19 e se adapta as instrucións da Consellería de educación. Ten en conta as modificacións respecto a inclusión de canles que faciliten as aprendizaxes non adquiridos no curso anterior, modificacións na metodoloxía a empregar, na avaliación e a descrición de cales son as aprendizaxes imprescindibles no caso de ensino semipresencial ou non presencial.

As medidas de protección e seguridade na aula condicionan a modificación dos horarios do centro. Os alumnos da ESO teñen horario de mañá e os alumnos de BAC horario de tarde. A dinámica da aula vese condicionada polas limitacións nas interaccións entre o alumnado para a formación de grupos de traballo, uso do laboratorio ou de materiais comúns.

En caso de confinamento de alumnos, de profesores ou de toda a comunidade educativa o curso seguirá en modo virtual.

2.- 1º ESO: Bioloxía e xeoloxía

2.1. Secuenciación e temporalización de contidos

2.1.1. 1ª Avaliación

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas Avaliación
	Tema	Bloque	CONTIDO		Mes	Nº sesións	
1		B1	Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica				
		B1.1.	O vocabulario científico na expresión oral e escrita.				
		B1.2.	Metodoloxía científica: características básicas.				
		B1.3.	Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.		Set	3	x
		B1.4.	Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados.				
		B1.5.	Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.				
		B2	Bloque 2. A Terra no universo				
		B2.1.	Principais modelos sobre a orixe do Universo.	6	Sep	4	x
		B2.2.	Compoñentes do Universo.		Sep	4	
		B2.3.	Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes.		Out	4	
		B2.4.	Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia.		Out	2	
		B2.5.	Os planetas no Sistema Solar.		Out	3	
		B2.6.	O planeta Terra: características.		Out	3	
		B2.7.	Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.		Out	4	
		B2.8.	A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo.	5	Nov	3	X
		B2.9.	Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades.		Nov	4	
		B2.10.	Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais en Galicia.		Nov	1	
		B2.11.	A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.		Nov	3	
		B2.12.	Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.		Nov	2	
	B2.13.	A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos.	Nov		3		
	B2.14.	A auga na Terra. Auga doce e salgada.	Dec		3		
	B2.15.	Ciclo da auga.	Dec		3		
	B2.16.	A auga como recurso.	Dec		2		
	B2.17.	Xestión sustentable da auga.	Dec		1		
	B2.18.	Contaminación das augas doces e salgadas.	Dec		1		
	B2.19.	A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta	Dec		1		

		habitabile.				
--	--	-------------	--	--	--	--

2.1.2. 2ª Avaliación

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas Avaliación
	Tema	Bloque	CONTIDO		Mes	Nº sesións	
2	4	B3.1.	Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade.	3	Xan	1	X
		B3.2.	Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial.	3	Xan	2	
		B3.3.	Reinos dos seres vivos: Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.	4	Xan	2	
		B3.4.	Invertebrados: poríferos, celentéreos, anélidos, moluscos, equinodermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas.	4	Xan	8	
		B3.5.	Vertebrados: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas.	3	Feb	8	X
		B3.6.	Plantas: brións, feitos, ximnospermas e anxiospermas. Características principais, nutrición, relación e reprodución.	3	Feb Marzo	8	
		B3.7.	Clasificación de animais e plantas a partir de claves dicotómicas e outros medios.	3	Marzo	3	
		B3.8.	Identificación de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas, especies en extinción e especies endémicas. Adaptacións dos animais e as plantas ao medio. Biodiversidade en Galicia.	4,2	Marzo	3	

2.1.3. 3ª Avaliación

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas Avaliación
	Tema	Bloque	CONTIDO		Mes	Nº sesións	
3		B4	Bloque 4. Os ecosistemas				
	5	B4.1.	Ecosistema: identificación dos seus compoñentes.	2	Abril	2	x
		B4.2.	Factores abióticos e bióticos nos ecosistemas.		Abril	2	
		B4.3.	Ecosistemas acuáticos.		Abril	3	
		B4.4.	Ecosistemas terrestres.		Abril	3	
		B4.5.	Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas.		Maio	3	
		B4.6.	Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas.		Maio	2	
		B4.7.	Accións que favorecen a conservación ambiental.		Maio	2	
		B5	Bloque 5. Proxecto de investigación				
	6	B5.1.	Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación.			2	X
B5.2.		Artigo científico. Fontes de divulgación científica.		Xuño	2		
B5.3.		Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.			2		

2.1.4. Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en caso de ensino non presencial

- Principais modelos sobre a orixe do Universo.
- Compoñentes do Universo.
- Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes.

- Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia.
- Os planetas no Sistema Solar.
- O planeta Terra: características.
- Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.
- A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo.
- Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades.
- Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais en Galicia.
- A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.
- Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.
- A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos.
- A auga na Terra. Auga doce e salgada.
- Ciclo da auga.
- A auga como recurso.
- Xestión sustentable da auga.
- Contaminación das augas doces e salgadas.
- Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade.
- Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial.
- Reinos dos seres vivos: Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.
- Invertebrados: poríferos, celentéreos, anélidos, moluscos, equinodermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas.
- Vertebrados: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas.
- Plantas: brións, feitos, ximnospermas e anxiospermas. Características principais, nutrición, relación e reprodución.
- Clasificación de animais e plantas a partir de claves dicotómicas e outros medios.
- Identificación de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas, especies en extinción e especies endémicas. Adaptacións dos animais e as plantas ao medio. Biodiversidade en Galicia.
- Ecosistema: identificación dos seus compoñentes.
- Factores abióticos e bióticos nos ecosistemas.

- Ecosistemas acuáticos.
- Ecosistemas terrestres.
- Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas.
- Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas.
- Accións que favorecen a conservación ambiental.

2.2. Relación dos aspectos curriculares

2.2.1. 1ª Avaliación

1ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados/ Indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Temas transversais											
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos					Temas transversais												
								Pr.oral	Pr.escr	Tr.ind	Tr.grupo	Prac.Lab	Rúbrica	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV				
1	B1.1.	B1.1.	BXB1.1.1.	CCL / CMCCT	Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	80%	20%		x	x					x	x									
	B1.2 B1.3.	B1.2	BXB1.2.1.	CD / CAA	Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	80%	20%		x	x					x	x									
			BXB1.2.2.	CD / CCL	Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	80%	20%		x	x					x	x									
			BXB1.2.3.	CAA / CCL	Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	80%	20%		x	x					x	x									
	B1.4. B1.5.	B1.3.	BXB1.3.1.	CMCCT / CSC	Cóñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e cuida os instrumentos e o material empregado.	90%	20%		x	x					x	x									
	BXB1.3.2.		CSIEE / CMCCT CAA	Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	80%	20%		x	x					x	x										
2	B2.1.	B2.1.	BXB2.1.1.	CMCCT	Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	80%	10%		x	x					x	x									
	B2.2. B2.3. B2.4.	B2.2.	BXB2.2.1.	CMCCT	Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	80%	20%		x	x					x	x		x							
	B2.5.	B2.3.	BXB2.3.1.	CMCCT	Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	70%	20%		x	x					x	x									
	B2.6.	B2.4.	BXB2.4.1.	CMCCT	Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	100%	10%		x	x					x	x		x						x	
	B2.7.	B2.5.	BXB2.5.1.	CMCCT	Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.	80%	10%		x	x	x				x	x									
BXB2.5.2.			CMCCT	Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	70%	20%		x	x					x	x		x						x		
3	B2.8.	B2.6.	BXB2.6.1.	CMCCT	Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	80%	10%		x	x					x	x									
			BXB2.6.2.	CMCCT	Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	80%	10%		x	x					x	x									
	B2.9. B2.10.	B2.7.	BXB2.7.1.	CMCCT / CAA	Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos.	70%	10%	x	x	x	x	x			x	x									
			BXB2.7.2.	CCEC	Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.	40%	5%		x	x					x	x									
			BXB2.7.3.	CSC	Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	60%	10%		x	x					x	x									
	B2.11.	B2.8.	BXB2.8.1.	CMCCT	Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.	80%	10%		x	x					x	x									
			BXB2.8.2.	CMCCT	Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.	60%	5%		x	x					x	x									
			BXB2.8.3.	CMCCT	Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	70%	5%		x	x					x	x									
	B2.12.	B2.9.	BXB2.9.1.	CSC / CSIEE	Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	50%	5%		x	x					x	x									
	B2.12.	B2.10.	BXB2.10.1.	CSC	Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	60%	5%		x	x					x	x									
	B2.13	B2.11.	BXB2.11.1.	CMCCT	Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	40%	5%		x	x					x	x									
	B2.14. B2.15. B2.16.	B2.12.	BXB2.12.1.	CMCCT	Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	80%	10%		x	x					x	x		x							
	B2.17.	B2.13	BXB2.13.1.	CSC / CSIEE	Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	40%	5%		x	x					x	x									
B2.18.	B2.14.	BXB2.14.1.	CSC	Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas	60%	5%		x	x					x	x										
B2.19.	B2.15.	BXB2.15.1.	CMCCT	Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	40%	50%		x	x					x	x										

2.2.2. 2ª Avaliación

2ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados/ Indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais											
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos					Temas transversais											
								Pr.oral	Pr.escr	Tr.ind	Tr.grupo	Prac.Lab	Rúbrica	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV			
4	B3.1. B3.2. B3.3.	B3.1.	BXB3.1.1.	CCEC / CMCCT	Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	80%	10%		x	x					x	x								
	B3.1. B3.2. B3.3.	B3.2.	BXB3.2.1.	CMCCT	Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	80%	10%		x	x	x				x	x								
	B3.1. B3.2. B3.3.	B3.3.	BXB3.3.1.	CMCCT	Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	80%	10%		x	x					x	x								
	B3.4. B3.5.	B3.4.	BXB3.4.1.	CMCCT	Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.	80%	10%		x	x					x	x								
	B3.4. B3.5.	B3.4.	BXB3.4.2.	CMCCT	Recoñece exemplares de vertebrados e asígnaos á clase á que pertencen.	80%	10%		x	x					x	x		x						
	B3.6.	B3.5.	BXB3.5.1.	CMCCT	Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.	80%	10%		x	x					x	x								
	B3.6.	B3.5.	BXB3.5.2.	CMCCT	Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.	80%	10%		x	x					x	x								
	B3.7.	B3.6.	BXB3.6.1.	CAA	Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.	80%	5%		x	x	x				x	x								
	B3.8.	B3.7.	BXB3.7.1.	CMCCT	Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.	80%	5%		x	x					x	x		x						
			BXB3.7.2.	CAA / CMCCT	Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.	80%	10%		x	x					x	x								
BXB3.7.3.			CCEC	Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.	80%	10%		x	x	x					x	x		x						

2.2.3. 3ª Avaliación

3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados/ Indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais										
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos					Temas transversais										
								Pr.oral	Pr.escr	Tr.ind	Tr.grupo	Prac.Lab	Rúbrica	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV		
5	B4.1.B4.2. B4.3.B4.4.	B4.1.	BXB4.1.1.	CMCCT	Identifica os compoñentes dun ecosistema.	80%	40%		x	x	x				x	x							
	B4.5.B4.6.	B4.2.	BXB4.2.1.	CMCCT	Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	80%	40%		x	x					x	x							
	B4.7.	B4.3.	BXB4.3.1.	CSC / CSIEE	Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.	80%	20%		x	x					x	x							
6	B5.1.	B5.1.	BXB5.1.1.	CAA / CMCCT	Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	80%	20%		x	x					x	x							
	B5.1.	B5.2.	BXB5.2.1.	CAA / CCL	Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	80%	20%		x	x					x	x							
	B5.2.	B5.3.	BXB5.3.1.	CMCCT / CD	Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	80%	20%		x	x					x	x		x					
	B5.3.	B5.4.	BXB5.4.1.	CSC / CSIEE	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	80%	20%		x	x					x	x							
	B5.3.	B5.5.	BXB5.5.1.	CAA / CMCCT CSIEE / CD	Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	80%	10%		x	x					x	x		x					
BXB5.5.2.			CCL / CCEC	Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	80%	10%		x	x					x	x								

2.3. Avaliación

2.3.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Exames escritos de preguntas breves e debuxos ou fotografías para completar que permitan avaliar o grado de adquisición dos estándares de aprendizaxe tanto conceptuais coma procedementais.

Participación e actitude na aula, aproveitamento do tempo, traballo e esforzo persoal que se avaliará a través das anotacións realizadas no caderno do profesor

Traballos individuais e en grupo nos que se avaliarán certos estándares de aprendizaxe da materia tendo en conta o seu desenvolvemento (organización e aproveitamento do tempo, actitude...). A presentación do traballo pode ser escrito (en distintos soportes: presentacións, procesador textos, vídeo...) ou ben mediante a exposición oral do mesmo.

2.3.2. Criterios de cualificación

Cualificación final de cada avaliación:

Os exames escritos representan o 70% da nota, a actitude na aula un 15% e os traballos un 15%.

A nota media dos exames escritos obtérase ó facer a media aritmética das notas obtidas. Para poder facer media, a nota mínima das probas terá que ser de 4. Considerarase que esta parte da materia está superada se se acada unha media igual ou superior a 5.

Para a valoración dos traballos terase en conta a expresión oral ou escrita segundo o caso, a presentación e o nivel de coñecemento que demostre.

A valoración do traballo na aula farase a través do caderno do profesor mediante anotacións periódicas sobre cada alumno ou alumna tendo en conta a actitude diaria na aula, o aproveitamento do tempo, participación, atención, asistencia, esforzo, respecto polo seu traballo e polo dos demais compañeiros e compañeiras e puntualidade na entrega.

Medidas de recuperación: As medidas a aplicar para a recuperación dunha avaliación dependerán das causas de non ter superada dita avaliación:

Nas probas escritas se se acada unha cualificación inferior a 4, o alumno ou alumna terá que repetir esta proba na recuperación final da avaliación que se realizará á volta das vacacións (salvo na terceira avaliación que coincidirá coa recuperación final da materia).

Nos traballos e proxectos se o alumno ou alumna non entregou o caderno ou traballos da avaliación ou estes non acadaron o mínimo na cualificación (incompletos, entregados fora de prazo, baixa calidade, copia parcial ou total dos mesmo...) terán que ser entregados novamente debidamente completados na data fixada polo profesor/a.

Observacións na aula: as malas actitudes, falta de traballo e aproveitamento do tempo poderán ser causa da non superación da avaliación. Neste caso a maneira de recuperar esa avaliación será cambiar estas condutas.

Proba de xuño: O alumnado que non teña superada a materia dalgunha ou todas as avaliacións, disporá dun exame final en xuño. Este exame terá cuestións de cada unha das avaliacións por separado, de modo que o alumno só terá que facer a parte correspondente a avaliación ou avaliacións suspensas. Este exame incluírá preguntas de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe puramente conceptuais. Por outra banda, poderase esixir a entrega do caderno de actividades e traballos desenvolto durante o curso có fin de avaliar os estándares de aprendizaxe máis procedementais.

A nota final da materia obterase calculando a media aritmética das tres avaliacións. A materia considerarase superada se o alumno/a non ten ningunha avaliación suspensa. O redondeo da nota aplicarase a partir do decimal 2 cara arriba ou cara abaixo dependendo do traballo, actitude, interese e implicación de cada alumno e alumna durante o desenvolvemento da materia.

2.3.3. Avaliación extraordinaria

Proba de setembro: Se os alumnos/as non superaran a materia en Xuño disporán dun exame escrito con todo o temario no mes de Setembro. Tamén se poderá esixir a entrega de fichas de actividades ou proxectos en Setembro cós que avaliar os estándares de aprendizaxe máis procedementais.

2.3.4. Avaliación en caso de ensino non presencial

En cada tema facilitaranse a través de e-dixgal, os documentos e os exercicios correspondentes e o seu prazo de entrega. A través de e- dixgal notificaranse as datas dos exames que sempre que sexa posible serán en modo presencial, se tiveran que ser a distancia utilizaríanse as webcams.

O alumno/a que non acada un 5 na avaliación terá que recuperar e as medidas a aplicar para a recuperación dependerán das causas de non ter superada dita avaliación:

Nos exames se se acada unha cualificación inferior a 4, o alumno ou alumna terá que repetir esta proba na recuperación final da avaliación que se realizará á volta das vacacións (salvo na terceira avaliación que coincidirá coa recuperación final da materia).

Nos traballos e cuestionarios se o alumno ou alumna non os entregou ou estes non acadaron o mínimo na cualificación (incompletos, entregados fora de prazo, baixa calidade, copia parcial ou total dos mesmo...) terán que ser entregados novamente debidamente completados na data fixada polo profesor/a.